

**XII** CRITICA DO  
PROGRAMA  
DE  
“UNIDADE GALEGA”

A hora de valorar unha opción política concreta hai algo máis importante que todos os documentos e programas que aporte: a súa práctica política anterior. Un auténtico programa político de partido (ou dunha coalición de forzas partidarias) é o froito dunha experiencia, dun traballo e dunha reflexión colectivos. Detrás do programa estarán as loitas políticas que protagonizou o grupo, as súas confrontacións ideolóxicas, as experiencias sectoriais das organizacións de masas que merecen o seu apoio, a experiencia orgánica, e toda a documentación que xeneraron ao longo do proceso (voceiros, comunicados, etc.). Un programa é a **síntese teórica dunha praxis política partidaria**. Ista é a súa lóxica, pero tamén o seu aval.

No caso que imos comentar trátase máis ben do Programa electoral dunha coalición de Partidos Políticos. Nembargantes, un e outra nacen con pretensións aglutinadoras a medio o longo prazo, con vocación estratéxica, sendo neste sentido que ten interese analizar o Programa e aplicarlle a reflexión anterior. Quen isto escribe descoñece calquera clase de práctica política nacionalista por parte dos grupos que engloba esta coalición. Se cadra, é por iso que non atopa neste Programa nin a coherencia nin a fiabilidade que precisaría unha alternativa **soi disant** nacionalista. É un programa ambiguo, lóxicamente incon-

sistente e de baixo nivel teórico. Ao meu entender, non representa sinon o conciliacionismo e afán de protagonismo típico dun sector da pequena burguesía vilega galega, sentimentalmente galeguista (fracción de clase que, polo demáis e en tanto que tal, merece os meus respetos). Vexamos.

Un Programa que pretenda ultrapasar o curto prazo, deberá definir a clase ou **bloque de clases** que considera o seu destinatario natural, neste caso, as clases cujos intereses nacionais e sociais coida interpretar na coxuntura histórica que estamos a vivir. No Programa de Unidade Galega non hai unha declaración explícita neste sentido nin da súa lectura conxunta se pode concluir un contido social claro ou, o que é máis importante, unha firme e decidida vontade antiimperialista.

Insistindo no mesmo tema, un programa que rebase o meramente circunstancial ten de ser un **programa político de clase** (dunha ou de varias clases, na medida en que converxan os seus intereses nisa etapa), que pretenderá sempre representar unha "parte" da sociedade. Pode, lexítimamente, presentarse como unha opción "nacional", cun ar integrador, aberto, flexible nas súas fronteiras, pero o que non poderá nunca é abranguer, simultaneamente, todas as forzas sociais actuantes no colectivo nacional. Negar iso é caer no oportunismo, facer demagogía, populismo do peor. Por outra banda, iso lévanos tamén a afirmar que un programa político non pode ser unha suma de reivindicacións sectoriais, máis ou menos adubias cunha retórica política; naturalmente que aspectos sectoriais figurarán en maior ou menor medida nun programa político, pero o seu lugar está, en última instancia, nos programas reivindicativos das respectivas organizacións de masas que operan en cada sector concreto. O núcleo fundamental do programa debe encherse cas **medidas de tipo institucional e social** que preconice. Non é esta a lóxica que sigue o Programa de UG, desequilibra-

do, baixando a cuestións de detalle e entrando nunha caustica fora de lugar: así, fala da problemática dos mestres desplazados (páxinas 39-40. En adiante soio indicamos a numeración) sen ter aludido pra nada ao status global que desexa pra o profesorado galego; fixa como ouxetivo, pra bisbarra de Ferrol, a "atracción de dúas ou tres novas empresas metalúrxicas, con creación de 500 a 700 postos de traballo por empresa" (27), sin afondar previamente na problemática da reconversión da industria galega toda; menciona á "terceira idade" dun xeito análogo (38) ou defende, en bastardillas, un "programa de apoio á industrias de platos precociñados" (¡sic!) (28), ignorando actividades moito máis importantes e susceptibles de incorporar valor engadido no curso da súa transformación.

Pra ser un programa **politicamente equilibrado** debería conceder un tratamento desigual aos diversos temas, por mor da súa relevancia, do conteso político, etc. Non é iste o caso nin os desequilibrios que introduce respontan á causa que vimos de mencionar. Xa vimos como ás veces baixa ao detalle, pero é que, ademais, das 42 páxinas escritas de que consta (3-44), asigna 13 ao aspecto educativo e cultural (32-44), 5 a especulacións teóricas sobre a actual crise económica (13-17), en tanto que, sintomáticamente, despacha a "remodelación das condicións sociais" en menos dunha páxina (20), o "problema enerxético galego" en tres liñas (26) e ignora o problema da vivenda.

Vai pra noventa anos que Engels sinalou, a propósito do Programa de Erfurt, que un Programa de Partido non se debe mover no terreo dos **principios**, dos que se presupón que os seus militantes participan, polo feito de selo. Nos principios estáse dacordo e o que se debate e confronta é a súa plasmación real nun intre histórico

concreto, isto é, o Programa debe traxer unha **línea de acción política**, unhas pautas concretas de actuación que, iso sí, concorden cos oxetivos últimos que evocan os principios que lle dan sentido a esa organización política. Trátase, pois, de clarear puntos oscuros, de eliminar ambigüedades, de non converter ao grupo nunha organización amorfa, de rebasar o meramente coxuntural, pero sin caer no teoricismo, na especulación, no lingoaxe abstruso; así, un préguntase a qué ven adicar esas cinco páxinas a teorizar sobre a crise económica, superficialmente (57), pra despois caer en vacuidades aos especificar as directrices a seguir nunha política anti-crise (¡elaborada no marco dunha Galicia Autónoma!), como veremos máis adiante. Vense axiña á cabeza aquela famosa espresión de Marx, glosando o Programa de Gotha: "Máis vale un paso adiante no movemento real que dez Programas".

Agora ben, no caso que estamos a comentar si debería entrar minimamente no terreo dos principios, xa que dunha coalición de organizacións partidarias non hai por qué presumir un acordo previo en cuestións desta índole, ao tempo que resulta ineludible compartir algúns aspectos básicos de filosofía política ao que se pretende potenciar unha alianza a medio prazo. En verdade que non está claro qué vencella aos "galeguistas" do PG cos "socialistas" do PSG e máis os "obreiros" do POG, aparte, naturalmente, do seu anti-BNPG militante; e respecto aos Independentes, ex-APG, ¿cómo se entende a súa incorporación a unha alternativa estritamente política, que

(57) Non é verdade, como di o Programa, que a crise económica mundial se iniciase no remate de 1973 (13), o que, con toda seguridade, leva a unha interpretación errada dos factores determinantes da crise: cando se refire aos "factores que singularizan esta crise", ignora a crise do propio Sistema Monetario Internacional, etc. Véxase, por exemplo, *La crisis de los 70*, Servicio de Estudios Económicos, Banco Exterior de España, Madrid, 1978.

non asamblearía? (58). Por desgracia, os seus pasos anteriores, como partidos políticos independentes, non axudan a clarear o panorama: o DIA DA PATRIA GALEGA, uns acudiron á chamada da "Xunta", outros celebrárono nun teatro santiagués —e até chegaron a berrar ETA, ETA, ETA— e algúns ficaron na casa. O PG votou a favor da Constitución española, o que non lle impide proclamarse federalista; o POG recomendou o voto en branco e, como de todo hai na viña do señor, os militantes do PSG abstivéronse. O que teñen en común é que ningún deles votaron en contra. Son grupos de ámbito nacional e defenden, xa que logo, a autoorganización a nivel político, mais algúns dos seus líderes militan en sindicatos estatais e españolistas; curiosa esquizofrenia. E todo está montado tan no ar, que un candidato, que encabeza a lista ás Municipais nada menos que por unha capital de provincia, aparecía hai algúns meses como presunta cabeza de lista ás lexislativas polo PSOE; sen dúbida, estamos ante unha conversión paulina ao nacionalismo. Pra que seguir.

Por todo iso, é particularmente grave a ambigüedade de que fai gala todo o documento e, en especial, nas súas partes potencialmente máis conflictivas. No que parecen estar dacordo estas forzas é en que compre lograr "unha representación política propia no Parlamento do Estado" —afirmación que se repite machaconamente nas primeiras páxinas—, oxetivo que se clarea definitivamente ao sinalar o modelo de comportamento a seguir nise Parlamento, que ven suministrado pola traxectoria da mino-

(58) De todos os xeitos, párrafos como o que sigue supoño que farán a súa lección: "...a participación das asociacións de veciños na vida municipal..." (12); eu confeso non saber cómo se materializa iso na práctica. Pra os partidarios da descentralización a ultranza tamén hai un párrafo sabroso: "...axeitado control das Caixas ao traveso das Corporacións Locais e dos órganos de autogoberno galego que se establezan". (21, o sulñado é meu).



ría Basco-Catalana (PNV-CDC) (37) na pasada Lexislatura, sen dúbida paradigma de nacionalismo a imitar... A súa concepción de Galicia como nación ven espresada nas páxinas 41 e 42 ao identificar lingua e nación, chegando mesmo a decir que “a perda da nosa lingua equivalería á eliminación da nosa identidade e conciencia como pobo galego...”. Bauer ficaría satisfeito, a nación non é xa unha realidade histórica e social, e o problema nacional un problema político cun fondo contido económico e social. Xa veremos que, coma sempre, o nacionalismo culturalista e menos consecuente co problema cultural e lingüístico que o nacionalismo abertamente político. Polo demáis, un sospeita que os nacionalistas canarios ou irlandeses, é un decir, non teñen perdido en absoluto a súa conciencia de pertencer a un pobo diferenciado.

Un documento deste tipo debe ser ollado no seu conxunto, como unha **totalidade**. Trátase de ler o “discurso” que encerra, de buscar as claves, os nexos internos que lle dan coerencia e sentido. Pois ben, dista lectura conxunta do Programa podemos concluir afirmando que non é lóxicamente coherente. Pra ser tal, pra ser internamente consistente, tería de haber unha correspondencia, que non existe, entre o marco político que presupón, os ouxetivos que di perseguir, os medios pra acadalos (que a súa vez deben ser compatibles entre si e axeitados aos fins que perseguen) e o contesto institucional que levaría aparelado todo iso. Por exemplo, fálase de planificar o desenvolvemento da economía galega (8), pero sin efectuar nacionalizacións, que non se discuten abertamente nin unha soia vez en todo o Programa, nin cuestionar a estrutura unitaria do Estado. En xeneral, proclámase ouxetivos sin arbitrar medidas *ad hoc*, co que todo queda en retórica. O Programa parte dun Estatuto de Autonomía constitucional (8) e, ao facelo así, nega credibilidade a algúns dos seus puntos máis importantes. Nefeuto, os Estatutos de Autonomía que ampara a Constitución, nin pola súa filosofía política de partida nin polas competencias máximas

que contemplan nin polas garantías que ofrecen fronte a unha hipotética intromisión do Poder Central poder levar máis alá dunha mera descentralización administrativa, con ribetes políticos. Pero os redactores do Programa coindan que encaixa na Constitución un Estatuto de Autonomía que, entre outras cousas, contecía “a afirmación da identidade nacional de Galicia e do consecuente dereito a autogobernarse” (8), ou posibilita a creación dun Tribunal Superior de Xusticia de Galicia (que tiña disto algo máis co nome), ou recabe “as competencias exclusivas de autogoberno lexislativas e executivas sobre a planificación do desenvolvemento da economía galega” (8). Todo iso viola tanto a letra coma o espírito da Constitución. Xa que logo, o consecuente sería decirlle claramente ao pobo galego qué representan efectivamente os Estatutos de Autonomía e reivindicar dende xa unha nova Constitución que remate, dunha vez por todas, ca Estructura unitaria do Estado. Afirmar que, no marco da Constitución vixente, se pode elaborar un “Estatuto de Autonomía Nacional e Progresista” é enganar á xente.

O párrafo adicado ao Mercado Común resulta do máis significativo (11). A integración na CEE non se cuestiona e, ao se referir ao suposto de que sigan as negociacións tendentes a iste fin, afirmase: “Unidade Galega esixirá que Galicia estea representada como tal, na defensa dos seus propios intereses...”. Pero unidade Galega sabe que non se pode defender o Estatuto e, asomade, pretender que Galicia estea representada como tal en negociacións internacionais. Si sinceramente persiguen isto último ¿por qué non suscriben vostedes as Bases Constitucionais do BNPG, en concreto e no tocante a iste punto, a Base Cuarta, Apartado V? Eu mesmo darei a resposta, eiquí, como noutros puntos do Programa, Unidade Galega opta por non enfrentar os problemas reais do país.

Sorprende a probeza do epígrafe “Coordenadas dunha política económica e social galega a medio prazo” (18-21): formula cinco ouxetivos pra unha política antiinflacionista que pouco ou nada teñen que ver co tema, chegando a fixar como quinto ouxetivo a “reducción do grado de inxusticia da carga tributaria” (19), cando, no mellor dos casos, se debería referir ao logro dunha **suficiencia** tributaria, que elimine posibles déficits presupuestarios, en tanto que instrumentos potenciais de propagación da inflación; outro tanto sucede ca política de emprego (19-20), que circunscribe a tres puntos. O terceiro é o ouxetivo de lograr un “incremento da demanda final de bens e servicios mediante a elevación do salario mínimo, do aumento das pensións, do seguro de paro, etc.” (20), como forma de xenerar emprego. Os autores dista perla practican un keynesianismo vulgar e trasnoitado; ignoran, en todo caso, as limitacións que existen pra actuar vía demanda efectiva nos países subdesenvolados (59); ignoran, tamén, que a economía galega é unha economía aberta, “rexional”; aínda máis, ignoran a incidencia dunha subida do salario mínimo sobre o nivel de emprego; e **last but not least**, unha medida de **política social** como a que se propugna, xusta e progresiva en si mesma, non se debe xustificar en base a súa presunta operatividade como instrumento dunha **política económica anticíclica**.

Cando fala da “remodelación das condicións sociais”, peca de omisións. Propugna un control das Caixas de Aforro dende Galicia. ¿Por qué non tamén un control dos restantes intermediarios financeiros que operan en Galicia, e moi en primeiro lugar da Banca Privada? Se cadra é unha cuestión táctica, e preténdese ir por partes. Están no seu dereito, pero entón compre ser consecuentes e reducir, “tácticamente”, toda unha chea de ouxetivos

(59) Véxase, “La inversión, la renta y el multiplicador en una economía subdesarrollada”, por V.K.R. Rao, en Agarwala-Singh, *Economía del subdesarrollo*, Tecnos, Madrid, 1963.

que figuran no Programa e que non atoparán posibilidades de financiación.

Xa mencionamos que o Programa non alude explicitamente á adopción de medidas de nacionalización de empresas, mesmo naquelas sectores que contribuirían a racionalizar o sistema económico (enerxía, mineiría, etc.) ou son compatibles cun reximen de economía de mercado (ensino e sanidade). Apúntase, iso sí, a **posibilidade** de crear un sector público galego e fálase de que as empresas de propiedade pública ubicadas en Galicia pasen a depender do futuro órgano autonómico, pero non se alvisca por ningures de qué outras fontes se vaia nutrir ise sector público galego. Hai alusións ao mesmo (10, 26, 27), pra, finalmente, rematar decindo que **“existe un amplísimo campo de actividades que poden ser promovidas ou dinamizadas no próximo futuro pola iniciativa privada”** (27). Un entende que isa iniciativa pode ser nacional ou estranxeira, proceder de multinacionais, monopolios ou de pequenas e medias empresas de capital galego... Cabe todo. Veleiquí unha mostra de “nacionalismo” consecuente; posición concordante, dende logo, co punto de vista de **clase** que soxace na afirmación —cecais técnicamente irrefutable— de que unha das causas da “rixidez do sistema económico actual” estriba “na forza sindical que impide ou dificulta o despido de traballadores que gozan dun emprego” (16). Cando se fala da mineiría, dise que “Galicia posee un potencial mineiro aínda sen valorar científica e economicamente, a causa dos intereses privados e mesmo estranxeiros” (26); ou sexa, os redactores parecen conscientes de até que punto intereses privados están esquilmando os recursos do noso sochán, mais ningunha medida punitiva ou nacionalizadora derivan diste feito. Outro tanto sucede respecto dunha eventual socialización da medicina ou da industria farmacéutica (29-31); a idea, interesante, de crear un Servicio Público da Saúde Galego, apenas se perfila dende o punto de vista institucional. O tratamento dos Medios de Comunicación Social

(40-41) móvese tamén nesta línea de sacralización da empresa privada e de pechar os ollos ás efectivas restricións que introduce o ordenamento constitucional, polo que moitos dos desexos que alí se manifestan quedan en puras declaracións retóricas.

No tocante á agricultura, o importante problema da comercialización dos produtos agrarios é discutible que se poida resolver ca creación dun sistema de precios de garantía e outras medidas afíns (23), si non vai acompañado dunha Empresa Nacional de Comercialización. Cando se fala de potenciar a concentración parcelaria (22), é de supoñer que se está a pensar en algo distinto do que se ven facendo no campo galego con esa denominación, pero non estaría de máis precisalo. A formulación da maneira en que debe orientarse o desenvolvemento industrial pra fomentar a integración da economía galega, leva a concluir no absurdo **non dunha economía integrada sinon autárquica** (27). O párrafo adicado á Autopista é ambiguo e elude o problema de fondo ¿qué significa exactamente a expresión “transformación da Autopista do Atlántico en Autovía sen peaxe”? (29). Niste eido das comunicacións, debería facerse unha mención ao problema dos portos.

O “Programa Educativo e Cultural” é, cecais, a parte menos afortunada de todo o documento. En canto ao ensino (¿laico?), a idea de crear dúas Universidades máis (unha a medio prazo), xunto ca ampliación simultánea da Universidade de Santiago e a “transformación dos actuais Colexios Universitarios en Facultades Universitarias” (¡sic!) (35-37), é caprichosa, localista, demagóxica e, no noso contesto, traduciríase nun detrimento da calidade do ensino, xa defectuoso, que se imparte (60); deféndese a

(60) O máis que se podería defender hoxe, cun mínimo de rigor e seriedade, é a reconversión do ensino que actualmente se imparte nos Colexios Universitarios en ensino de Primeiro Ciclo, ca titula-

“potenciación e ampliación do actual Consello Superior de Investigacións Científicas” (37), sendo así que o “actual” CSIC é un modelo de centralismo, feito que non se menciona; proclama o seu apoio ao Instituto da Lingua Galega (40-42), se cadra porque é moi nacionalista... e se pronuncia de maneira similar sobre a moi oficialista e reaccionaria “Real Academia da Lingua Galega” (¡sic!) (42); adica un anaco á “formación e perfeccionamento do Profesorado” (39-40), sin se referir ao sistema de acceso á docencia nin ao status que debe ter o profesorado (funcionariado, contrato laboral, etc.), factores istes que teñen moito que ver ca calidade do ensino que se imparte e que, postos a particularizar, deben tocarse.

No tratamento da cuestión lingüística vese ben claro toda a ambigüidade e todo o conciliacionismo que agacha esta alternativa (5, 34, 41, 42), que parece consistir no logro dun utópico bilingüismo social (34), misturado con declaracións compensatorias e frases tan fora de lugar como a que afirma que o galego debe ser a lingua oficial de Galicia (no sentido de ser considerada como tal por todos os galegos) “...respetando democrática e estrictamente a actual realidade socio-lingüística de Galicia” (5). Eu me pregunto ¿Por qué imos respetar “democrática e estrictamente” os resultados de cinco centos anos de imperialismo cultural? Uns nacionalistas consecuentes declararían: 1.º que o oxetivo a alcanzar é o unilingüismo social en galego; 2.º que, no proceso, o idioma español utilizaráse ca minoría español falante como vieiro máis axeitado pra plena e posterior integración deste sector na lingua do país; 3.º que, en xeneral e con esta excepción temporal e parcial, o estudio da lingua española terá o carácter dunha **asignatura** máis.

ción correspondente —Diplomado—, e máis a ampliación da Universidade de Santiago, que debería estar moi vencellada cos Centros que impartiran o Primeiro Ciclo de Estudos Universitarios. Ver *supra* páxs. 26 e ss.



Algúns poden pensar que despois de todo, os programas políticos non caen do ceo, e que iste Programa, pese aos seus defectos, é, ao cabo, un programa **realista**. Nada máis lonxe da verdade. Entendámonos ¿Qué é realismo en política? Si por tal entendemos unha alternativa perfectamente integrable, hoxe e eiquí, nas opcións políticas maoritarias, iste Programa é certamente “realista”; considerado como un todo —e eliminadas as veleidades retóricas que contén, incongruentes co prantexamento xeneral— é perfectamente integrable na perspectiva autonomista. Por outra banda, é facer **testimonialismo** cantar as escelencias do Estatuto de Autonomía pra despois decir que íste é un “...primeiro paso útil e necesario no camiño do Estado Federal que propugnamos” (4). Pero si pensamos en términos de dialéctica política e dende a óptica do nacionalismo popular, é realista aquel Programa que da protagonismo ás clases populares, que leva a unha correlación de forzas máis favorable ao nacionalismo, que mantén en todo intre a contradicción —matriz de todo cambeo— entre as partes en conflito. O corsé autonomista non serve sinón pra neutralizar e frenar o movemento nacional —popular galego. Pero, remedando unha sonada cita de Marx, poderíamos decir: a Liberación Nacional e Social de Galicia non é un ideal, é un movemento real que existe na sociedade galega.

No Programa de UG maniféstase que un ouxetivo a cumprir é a “potenciación do Museo do Pobo Galego...” (43). Iste Programa podería ir, dende xa, a nutrir tan digna Institución.